



DATOS IDENTIFICATIVOS

Pedagogía social para traballo social

Materia	Pedagogía social para traballo social			
Código	O05G220V01903			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicossocioeducativa			
Coordinador/a	Nogueiras Mascareñas, Luís Miguel			
Profesorado	Nogueiras Mascareñas, Luís Miguel			
Correo-e	miguel.mascarenhas@edu.xunta.es			
Web				

Descrición xeral

Considérase esta materia como relevante no plano de estudos do Grao de Traballo Social. A Pedagogía Social no marco desta titulación achega aos estudantes ao coñecemento da realidade educativa e dos procesos de intervención socioeducativa. Neste sentido proporciona elementos para comprender a interrelación entre os diferentes campos de intervención na realidade social e as implicacións educativas da problemática social. A materia Pedagogía Social para Traballo Social está incluída como optativa no novo Plan de estudos da titulación de Grao en Traballo Social da Universidade de Vigo. Se atendemos aos antecedentes históricos do Traballo Social, a incorporación da perspectiva pedagóxica a acción social e a acción-intervención socioeducativa dos traballadores e traballadoras sociais comeza a xeneralizarse xa a a partires da Segunda Guerra Mundial e da extensión cualitativa dos fenómenos educativos. A educación deixa de ser competencia exclusiva do sistema escolar formal para situarse na perspectiva da sociedade educadora (Husèn, 1982), donde acadan gran relevancia e notoriedade outros sistemas educativos (non formal e informal) que irrumpen con gran forza no sistema educativo formal, o reforzan e complementan (Coombs e Ahmed, 1974). Ao longo das últimas décadas a literatura especializada (Freire, 1971; Quintana, 1984, 1994; Bueno Abad, 1991; Sáez, 1991; Ortega, 1991, 1999; García Martínez, 1992; Fermoso, 1994; Petrus, 1997; Caride, 2005) foi deixando constancia da xeneralización do enfoque educativo do Traballo Social. Na nosa opinión o obxectivo fundamental dos profesionais do Traballo Social no ámbito educativo consiste na promoción do desenvolvemento humano e da calidade de vida dos nenos e nenas, xoves e doutros colectivos en situación de risco ou problemática social, posibilitando a súa integración (ou reinserción) plena na sociedade. Así pois, a materia Pedagogía Social para Traballo Social adecúase ao perfil profesional e académico da titulación, pretendendo non so introducir os conceptos básicos da asignatura senón achegar ao alumnado aos principais ámbitos de intervención socioeducativa.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais

B4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C1	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
C4	Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
C12	Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
C15	Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
C20	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
C23	Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
D9	Resolución de problemas
D10	Toma de decisións
D11	Traballo en e con equipos diversos
D12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
D14	Habilidades nas relacións interpersoais
D16	Razoamento crítico
D17	Compromiso ético
D18	Aprendizaxe autónoma
D19	Adaptación a novas situacións
D24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer proxectos e programas desenvolvidos en institucións relevantes dende o punto de vista pedagóxico-social.	A1	B2	C1	D1
	A2	B6	C4	D3
	A3		C12	D4
	A5			D11
				D16
				D17
				D18
				D19
				D24
	Coñecer as interrelacións entre os diferentes campos de intervención na realidade social e as implicacións educativas da problemática social.	A1	B1	C1
A2		B2	C3	D2
A3		B6	C4	D3
A5			C23	D4
				D9
				D10
				D11
				D16
				D17
				D18
			D19	

Demostrar capacidade básica para iniciarse na investigación de problemas educativos relevantes que inciden en problemas sociais globais.	A1	B2	C3	D1
	A2	B4	C4	D2
	A3	B6	C12	D3
	A5		C15	D4
				D9
				D10
				D11
				D12
				D14
				D16
Demostrar capacidade básica de adquisición de estruturas conceptuais e recursos metodolóxicos que permitan a análise da educación como práctica social.	A1	B2	C3	D1
	A2	B6	C12	D2
	A3		C20	D3
	A5		C23	D4
				D9
				D10
				D11
				D16
				D17
				D18
Posuír habilidades básicas para enfrontarse a cuestións educativas nos diferentes sectores sociais.	A1	B4	C1	D1
	A2	B6	C4	D2
	A3		C20	D4
	A4			D11
	A5			D12
				D16
				D17
				D18
				D19
				D19
Posuír habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades co obxecto de contribuír a lograr cambios e mellorar as súas condicións de vida.	A1	B1	C2	D3
	A4	B4	C20	D9
	A5	B6		D11
				D12
				D14
				D16
				D17
				D18
				D19
				D19
Posuír habilidade básica para realizar unha intervención pedagóxico-social comprometida cos grupos sociais en situación de marxinación a coa realidade sociocultural de Galicia.	A1	B2	C2	D1
	A2	B4	C15	D2
	A3	B6	C20	D3
	A4			D4
	A5			D9
				D10
				D11
				D14
				D16
				D17
			D18	
			D19	
			D24	

Contidos

Tema

Tema 1. Conceptos introdutorios: Traballo Social, Educación Social e Pedagogía Social.	1.1. Concepto, obxecto de estudo e marco disciplinar da Pedagogía Social. 1.2. A educación como realidade social e socialmente condicionada. 1.3. O tratamento sociolóxico da educación como práctica social. 1.4. O universo educativo: a educación formal, non formal e informal.
Tema 2. Construcción histórica e científica da Pedagogía Social.	2.1. A Pedagogía Social e o Traballo Social educativo. 2.1. Orixe e precursores da Pedagogía Social española (construcción histórica). 2.2. A incorporación da Pedagogía Social á Universidade (construcción científica).

Tema 3. O traballador social nos servizos de apoio á educación.	3.1. A orientación educativa en Galicia. 3.2. O traballador/a social nos Equipos de Orientación Específicos (EOEs): tarefas e funcións. 3.3. Convivencia e conflito escolar: concepto, estilos de afrontamento dos conflitos, técnicas de resolución dos conflitos escolares, os equipos de mediación escolar e programas de mellora da convivencia.
Tema 4. A Animación Sociocultural	4.1. Conceptualización e ámbitos. 4.2. Ocio e tempo libre: a Pedagogía do ocio.
Tema 5. A Educación de Adultos e a Formación Ocupacional.	5.1. Programas, actuacións, centros e servizos. 5.2. A Formación profesional básica (FPB).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Seminario	10	20	30
Traballo tutelado	6	8	14
Traballo tutelado	8	24	32
Presentación	5	7	12
Lección maxistral	12	24	36
Exame de preguntas obxectivas	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado (detección de coñecementos previos, motivacións...), así como a presentar a materia.
Seminario	Traballo en grupo mediano sobre determinados contidos da materia a través de leituras, recensións, ou documentos entregados previamente polo profesor.
Traballo tutelado	Exercicios ou proxectos que os estudantes desenvolven na aula baixo a supervisión do profesor. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do estudante.
Traballo tutelado	Os estudantes de forma grupal elaboran un documento ou investigación sobre a temática da materia. Polo xeral, trátase dunha actividade autónoma dos estudantes que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, etc.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dos resultados do traballo tutelado. A exposición desenvolverase no grupo mediano.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia obxecto de estudo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	- As sesións maxistras e a realización de traballos de aula reforzaranse cunha atención individualizada para resolver as dúbidas dos estudantes e/ou aclaracións, tanto na aula durante a presentación do tema ou no traballo a desenvolver, como no despacho do profesor no horario de titorías, de xeito individualizado. - Á elaboración dos traballos tutelados e a súa exposición se lle adicará un tempo específico no horario de titorías, de xeito grupal, sen que iso supoña impedimento para atender calquera dúbida ou cuestión no momento en que xurda: no despacho do profesor ou no horario de titorías.
Actividades introdutorias	- As sesións maxistras e a realización de traballos de aula reforzaranse cunha atención individualizada para resolver as dúbidas dos estudantes e/ou aclaracións, tanto na aula durante a presentación do tema ou no traballo a desenvolver, como no despacho do profesor no horario de titorías, de xeito individualizado. - Á elaboración dos traballos tutelados e a súa exposición se lle adicará un tempo específico no horario de titorías, de xeito grupal, sen que iso supoña impedimento para atender calquera dúbida ou cuestión no momento en que xurda: no despacho do profesor ou no horario de titorías.
Seminario	- As sesións maxistras e a realización de traballos de aula reforzaranse cunha atención individualizada para resolver as dúbidas dos estudantes e/ou aclaracións, tanto na aula durante a presentación do tema ou no traballo a desenvolver, como no despacho do profesor no horario de titorías, de xeito individualizado. - Á elaboración dos traballos tutelados e a súa exposición se lle adicará un tempo específico no horario de titorías, de xeito grupal, sen que iso supoña impedimento para atender calquera dúbida ou cuestión no momento en que xurda: no despacho do profesor ou no horario de titorías.

Traballo tutelado	- As sesións maxistras e a realización de traballos de aula reforzaranse cunha atención individualizada para resolver as dúbidas dos estudantes e/ou aclaracións, tanto na aula durante a presentación do tema ou no traballo a desenvolver, como no despacho do profesor no horario de titorías, de xeito individualizado. - Á elaboración dos traballos tutelados e a súa exposición se lle adicará un tempo específico no horario de titorías, de xeito grupal, sen que iso supoña impedimento para atender calquera dúbida ou cuestión no momento en que xurda: no despacho do profesor ou no horario de titorías.
Traballo tutelado	- As sesións maxistras e a realización de traballos de aula reforzaranse cunha atención individualizada para resolver as dúbidas dos estudantes e/ou aclaracións, tanto na aula durante a presentación do tema ou no traballo a desenvolver, como no despacho do profesor no horario de titorías, de xeito individualizado. - Á elaboración dos traballos tutelados e a súa exposición se lle adicará un tempo específico no horario de titorías, de xeito grupal, sen que iso supoña impedimento para atender calquera dúbida ou cuestión no momento en que xurda: no despacho do profesor ou no horario de titorías.
Presentación	- As sesións maxistras e a realización de traballos de aula reforzaranse cunha atención individualizada para resolver as dúbidas dos estudantes e/ou aclaracións, tanto na aula durante a presentación do tema ou no traballo a desenvolver, como no despacho do profesor no horario de titorías, de xeito individualizado. - Á elaboración dos traballos tutelados e a súa exposición se lle adicará un tempo específico no horario de titorías, de xeito grupal, sen que iso supoña impedimento para atender calquera dúbida ou cuestión no momento en que xurda: no despacho do profesor ou no horario de titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe							
Seminario	Comentarios orais e escritos dos alumnos acerca dalgún tema debatido na clase e presentado previamente polo docente da materia.	10	A2 A3 A4	B2	C3	D1 D2 D3 D4 D10 D24				
Traballo tutelado	As experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación na aula.	20	A2 A3	B2	C3	D1 D2 D3 D4 D9 D10 D24				
Traballo tutelado	Os/as estudantes presentan o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia e/ou investigación. Desenvolverase en pequeno grupo, de forma escrita. Tamén se valorará a exposición que faga o grupo do traballo na aula.	20	A2 A3 A4	B2 B6	C3	D1 D3 D4 D10 D14 D24				
Presentación	Exposicións grupais dos traballos de aula.	10	A2 A3 A4	B6		D1 D2 D3 D4 D9 D10 D12 D14 D24				
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha proba para a avaliación das competencias adquiridas que inclúe preguntas pechadas con tres ou catro alternativas de resposta. Os/as alumnos/as seleccionarán unha resposta entre as distintas posibilidades. As respostas erradas puntuarán negativamente: dúas mal restarán unha ben.	40	A2 A3 A4	B1 B2 B4 B6	C1 C2 C3 C4	D1 D2 D3 D4 D9 D10 D12 D14 D16 D17 D18 D19 D24				

Outros comentarios sobre a Avaliación

Horario de titorías

Primeiro cuadrimestre: mércores, de 17.00 a 21.00 horas

Segundo cuadrimestre: mércores, de 16.00 a 20.00 horas.

Para superar a materia é necesario aprobar o exame final e obter unha cualificación mínima nos distintos apartados a avaliar.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

Alumnado non presencial:

O alumnado non presencial deberá falar co profesor ao inicio do curso Segundo a normativa vixente, con independencia da asistencia ou non ás clases, o alumnado disfrutará de condicións equivalentes de avaliación.

Calendario de exames: as datas oficiais dos exames poden consultarse na web oficial da Facultade: (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>) no espazo "Datos exames 2023-24".

Esta guía docente explicita as liñas de actuación a desenvolver co alumnado da materia, entendida con certa flexibilidade; polo tanto, pode estar suxeita a algúns reaxustes puntuais.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Caride Gómez, J.A., **Las fronteras de la pedagogía social**, Gedisa,

Fermoso, P. (ed.), **Pedagogía social**, Herder,

Nogueiras Mascareñas, L.M., **La práctica y la teoría del desarrollo comunitario. Descripción de un modelo**, Narcea,

Ortega, J., **Pedagogía social**, Pearson Educación,

Petrus, A., **Pedagogía social**, Ariel,

Quintana, J.M., **Pedagogía social**, Dykinson,

Trilla, J. (coord.), **Animación sociocultural**, Ariel,

Torrego, J.C., **Mediación de conflictos en instituciones educativas**, Narcea,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Habilidades sociais e de comunicación do traballo social/O05G220V01402

Habilidades, técnicas e instrumentos en traballo social/O05G220V01601

Traballo social e mediación/O05G220V01906

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estatística: Estatística aplicada á investigación social/O05G220V01202

Prácticas externas: Practicum/O05G220V01701

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural/O05G220V01101

Conceptos, teorías e métodos en traballo social/O05G220V01302

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta

filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
